



Rebélate para revelarte



Fala galego!

A foto que fala

Séculos despois...



O trasno A afouteza de vivir en galego

Daniel López Muñoz



Na visita do Manchester United a Vigo alguén tivo a boa idea de crear o lema **I'm afouteza**. Isto é –por se as *flies*- “Eu son afouteza”. O marinense Hugo Mallo, que foi en tempos recolle pelotas en Balaídos, agora capitán e símbolo deste celtiña europeo, nunha rolda de prensa dous días antes do encontro, fixo referencia a ese lema: “nesa palabra exprésase o que somos... afouteza”. Ben en realidade, cantemos claro, dixo: “en esa palabra se expresa lo que somos... *afouteza*”. Cadroume neses días consultar o dicionario da Real Academia Gale-

ga –dos poucos na rede, pero pobre e cativo, como demostraban Lidia e Valentina no último número- e, simplemente, dándolle en google “RAG”; aparecía a entrada principal, e debaixo, “dicionario”, e debaixo, “afouteza”. Ou sexa, que por primeira vez na historia da RAG houbo unha treboada de buscas no seu dicionario, estaba Freixanes que non o cría, e todas apuntando ao mesmo, querendo saber o significado da famosa e misteriosa “palabra gallega”. Hai quen xura que o mesmísimo Caballero, desde un ciber que hai en Urzaiz, pouco máis arriba do cruce coa travesía de Vigo, tecleou “afouteza” con disimulo, disfrazado de celtista con lentes de sol e pucha. A cousa foi viral. Máis en concreto no recadro de palabras máis buscadas da semana da páxina da RAG aparecían as seguintes: 1. Afouteza; 2ª cona (vaia, esta está sempre arriba); 3ª sabichón; 4ª dioiva e 5ª celta.

Produciuse o milagre da recuperación colectiva desa palabra, que denota valor, que implica ousadía e fir-

meza, que connota valentía, orgullo e, segundo os contextos, certo descaro, como o que tivo David contra Goliath, que tiña un orzamento dez veces maior que o do pequeno lanzador de pedras.

Pero as outras “palabras gallegas”; quedaron a velas vir, miñas xoias, e seguen nese limbo do esquecemento colectivo e sen moitas esperanzas, porque o Manchester non vén todas as semanas. Ou sexa que o que debiamos era rendibilizar ben esas visitas e non usalas só para quitar do armario e rehabilitar unha única palabra dese tesouro de letras e palabras propias que temos, pero cada vez menos, Feijoo e Caballero mediante. Por iso propoño para a seguinte visita do Chelsea ou do Arsenal, a seguinte entusiástica secuencia:

*I'm afouto seareiro das Casitérites
con arneirón serodio nos varudos cotobelos
pra lle facer as deligras nas illargas
aos sorneantes hooligans das Británicas.*
E recuperábamos media ducia dunha tacada.

Neste maio estamos chamados a nos revelar

Aparecen estes días en paredes, farois e soportes varios das nosas vilas, carteis dunha coñecida organización da mocidade galega, onde se anima a defender a nosa lingua baixo a lenda “Rebélate, fala galego”.

Converteuse maio nun momento axeitado para emprender todo tipo de campañas arredor da lingua, para lembrarnos a situación actual do noso idioma e como “dar o paso de falar galego no contexto actual é un grande feito de rebeldía”. Faise un chamamento á mocidade, ao seu carácter máis transgresor, rebelde, as súas ansias de cambio. Etimoloxicamente, rebelar supón unha volta á guerra, ao combate, cunha lingua que esmorece nesta sociedade tecnolóxica e globalizada na que estamos a vivir.

Mais este maio tamén pode ser un bo momento de nos revelar, de nos quitar o veo, de practicar coa nosa lingua, de facela visible, nun mundo onde o audiovisual, o virtual, ocupa cada vez máis minutos do noso día. Cómpre apostar pola rebelión, mais tamén pola creatividade, por revelar unha lingua que pode e debe ter espazo entre youtubers, instagramers, podcasters, e todos eses que están ao ocupar o noso tempo e o da nosa mocidade. E isto non depende das políticas culturais do momento, depende de que deamos o paso, de que asumamos a nosa responsabilidade, de visibilizar, revelar, a nosa lingua en todos os eidos da vida, incluído internet. Hai un dito que asegura que se non hai un vídeo dun latinoamericano en youtube explicando como se pode facer unha cousa, é que esta non se pode facer. Pois neste maio estamos chamados a nos revelar, e ser capaces de compartir a nosa creatividade, de crear contidos, na nosa lingua.

Rumores de esperanza

Xan Guillén


Eu, sen sabelo, entrei na literatura galega en particular e na lingua en xeral da man de Carlos Casares. Cando era un raparigo duns nove anos e toda a miña vida era absolutamente en castelán, chegou ás miñas mans un libriño pequeno nunha lingua que só escoitaba de cando en cando. Tratábase do *Principiño*, que eu daquela pensaba que estaba escrito orixinalmente en galego. Pouco despois souben que o orixinal non era en galego e que era unha boa tradución. “Non se ve ben máis que co corazón. O esencial é invisible aos ollos.”

Cando o galego entrou nas miñas aulas, recordo tamén un conto que case acabei sabendo de memoria e que

viña no meu libro de texto. Trátase da rapaza do circo. A historia dun rapaz que se namora dunha moza que vai nun circo. A historia de amor dura unha tarde. Eu tamén fantasieei con bicar unha rapaza xeitosa como aquela no laboratorio do meu colexio.

Logo souben que ese era un relato dun dos primeiros libros que tiveren que ler “obrigatoriamente” en lingua galega en BUP. Trátase de *Vento ferido*. Lembro con arrepiós algún relato dese libro, especialmente “O xogo da guerra”.

Velaí vai a miña homenaxe a un escritor ao que coído que non coñecín directamente, pero que coa súa man de tinta meteume no mundo da lingua



que agora sinto miña. Por iso, Carlos Casares, onde esteas, aquí está a miña homenaxe en papel. Déboche moito.



1



3



2



4

A peneira

1

O Cinema Maldá de Barcelona celebra a Festa das Nosas Letras, coa proxección diaria, ata o 18, do filme **SICIXIA**. *Paseo polo amor e a Costa da Morte*, de Ignacio Vilar. Recibiu o primeiro premio ao mellor filme estranxeiro na 50ª edición do Worldfest de Houston. É unha longametraxe que mergulla ao espectador na paisaxe e no mar impactante desta costa.

2

Os **EUA** sabotan a paz de Iraq despois da invasión no 2003, enfrontando kurdos, xiítas e sunnitas, e esgotando recursos coma o petróleo, un imperio con presenza militar en 140 estados. Entrementres, o El elimina pobos coma os iazidí, representados por Nadia Murad e Basar, Premio Sakharov.

3

A **CONTAMINACIÓN** produce 6,5 millóns de mortos ao ano, sobre todo en África e Asia. Só en China 2,2 millóns. As nenas/os son os máis vulnerables, e poden sufrila xa no útero da súa nai, morrendo dous millóns ao ano. A India ten 12 das 20 cidades máis prexudicadas no mundo.

4

A convivencia con persoas con desmemoria agudizou a capacidade inventiva de Anxo Rodríguez, de Pontevedra. Foi premiado pola **USC** polo "Memory Assistant", un asistente integrado nun reloxo intelixente que lembra e orienta a unha extraviada/o cunha especie de GPS.

2012 **SERMOS GALIZA** 2017



5

Veñan máis cinco!



7

Carballo
Vivo

6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Parabéns ao proxecto xornalístico e empresarial **SERMOS GALIZA** que está a cumprir os seus primeiros cinco anos, o 8 de xuño. Sitúase na primeira liña da loita por ser fiel ao pobo e dando a coñecer a súa realidade.

6

No **Centro Cultural Xaime Illa Couto de Raxó** (Poio) podemos ver a exposición "Xaime Isla: raíz e utopía de Galicia", cando se cumpren 5 anos do seu pasamento. Foi un pioneiro en moitos eidos: Editorial Galaxia, Revista de Economía Galega...

7

A Asociación Carballo Vivo de Friol sentou a veciñanza para tratar da coexistencia do gando co lobo en colaboración co grupo **O XAN**, despois dos conflitos creados coa súa caza e mellorando a percepción dos produtores extensivos.

8

Estimular a **CREACIÓN** e a xestión de novas empresas é unha das teimas destas alumnas do Politécnico de Lugo que están a ofrecer na rúa os seus xabóns terapéuticos da miniempresa Eco-Arume. Este é un centro pioneiro en Galiza en ter un plan de coeducación contra os estereotipos de xénero

Economía Cidades e mobilidade

Pedro Pedrouzo Devesa



Moi a modiño as nosas cidades van tentando mellorar as súas condicións de mobilidade. Xa non estamos nos anos nos que andar en bicicleta pola cidade supoñía unha curiosa anécdota. Hoxe, e de forma contínua, as bicicletas están pedindo un sitio de seu para moverse pola cidade. E as súas vantaxes son evidentes. Pero seguimos temerosos de tomar decisións que de forma decidida posibiliten camiñar e andar en bicicleta con total seguridade polas nosas urbes.

Esa lentitude na resposta está provocando o inicio de conflitos innecesarios entre os ciclistas que fuxen dos perigos do automóbil, e os peóns que

vén invadidas as zonas de paseo por terrazas de bares, cafeterías e todo tipo de vehículos.

Un dos maiores problemas de circulación está nas entradas e saídas das escolas. Estamos permitindo o acceso e bloqueo continuo delas por dúcias de coches que non transmiten exceso acougo aos pais que se animan a ir andando cos seus fillos. Permitir que os coches invadan as saídas dos colexios non é algo nada sensato, e esta debera ser a primeira medida que se debera tomar nunha cidade que se pretenda humanizar.

Tampouco axudan os condutores que circulan polas zonas peonís a veloci-

dades que cren son lentas, pero que están moi lonxe de selo. A proba máis clara son os continuos sustos que os pais se levan nos cruces das rúas peonís nos que os automóviles pensan que poden conducir a velocidades superiores a dez quilómetros por hora, ou acelerar se non vén peóns por diante do coche.

Estamos lonxe de mentalizarnos de que as cidades deben ser para as persoas, e os automóviles dificultan esa convivencia tranquila, especialmente cando teñen que compartir espazos próximos cos nenos.

Mentres que as reducións de velocidade tenden a ser solucións atinadas,



aumentar os aparcadoiros nas zonas de onde se debe minorar a circulación de coches, ou crear carrís bicis incompletos que non achegan solucións concretas a problemas de mobilidade, non axuda a incorporar formas máis racionais de moverse polas cidades, máis alá do tradicional opción de andar ou coller o coche.

A clave é pensar en cidades nas que os nosos nenos e os nosos maiores poidan camiñar seguros. E a única forma é ir limitando o uso dos automóviles nas cidades de forma racional, non mediante medidas parciais que non solucionan os verdadeiros problemas de mobilidade diarios dos veciños dunha localidade.





O peto común

Rubén Aramburu

Quéixase o amigo e escritor Xosé Lois García, desde o xornal *Sermos Galiza*, que na Catedral de Santiago hai letreiros que informan das horas das misas en inglés, alemán, italiano, francés, castelán..., pero nada en galego: "Resulta indignante... Bestial! O clero xa dá por feito que o galego está nunha posición irrelevante e subordinada ao castelán. Certo, o castelán é o que alborexa en toda a liturxia." Dou fe. Non só na liturxia, senón que vai desaparecendo de publicacións, comunicados, boletíns, catecismos...

O Día das Letras convócanos : En galego sen límites! Recordo algo que lin de Carlos Casares sobre o Padre Sarmiento: laiábase de que na Catedral de Santiago había curas que confesaban en distintos idiomas, pero ningún sabía falar galego (Sarmiento chámalles truchóns). E relata que unha moza dunha parroquia preto de Compostela foi confesar e acusouse de que gustaba moito de *trebellar* cos homes. O confesor, ignorante da nosa lingua, contestoulle que iso non era pecado senón todo o contrario e que trebellase canto quixese cos homes, mentres non fose en domingo e festas de gardar. A ben seguro que a rapaza marchou feliz e recomendoulle o confesor ás súas amizades.

Xa vedes, xente irimega, logo de case 300 anos desde o Padre Sarmiento, é posible que na Catedral o de andar trebellando por aí non sexa pecado, senón unha piadosa recomendación. Agora ben, respectando os festivos do Señor, que sempre é bo un descansíño.



O CARRABOXO por XOSÉ LOIS



Entrevista con Hakam Casares Berg

Aldegunde Quiñones



“Meu pai cría que Galicia tiña que loitar pola lingua e a cultura”

Hakam Casares é doutor en Filoloxía Galega pola Universidade de Vigo, coordina o Observatorio da Cultura Galega e colabora co Instituto da Lingua Galega. É fillo de Carlos Casares e de Kristina Berg, e de aí vén o seu nome sueco. Nesta breve entrevista achéganos a algún dos aspectos máis salientables da vida e da obra do seu pai.

Que lugar ocupa Carlos Casares na Literatura Galega?

O meu pai ocupa un papel moi importante. Mal está que o diga eu, que son seu fillo, pero creo que é unha realidade. Empezou a escribir moi novo, nun momento no que se publicaba moi pouco en galego. O seu primeiro libro importante é de 1967, en plena ditadura e cando o galego era unha lingua que apenas tiña soporte no ámbito literario.

E sempre o acompañou o favor do público.

Si, foi dos primeiros que tivo un éxito importante cunha literatura que chegou a moita xente xa desde o comezo.

Tiña unha conciencia de Galicia moi clara

Despois seguiu escribindo ata o ano 2002, o ano no que morreu, sempre con éxito de público. Foi durante moito tempo un dos escritores vivos que máis vendían en lingua galega.

Coa súa columna xornalística *Á marxe* tamén se fixo moi popular.

Tivo unha colaboración importante co mundo da prensa, tamén en galego. Fíxoo sobre todo a través de *La Voz de Galicia*, pero tamén publicou en *La Región* ou *El País*. Neses arti-

gos achegábase aos lectores dun xeito moi accesible e propiciando que lesen en galego moitas persoas que non o farían se non fose na prensa.

Algunha preferencia dentro da súa obra narrativa?

Depende do tipo de público. Para nenos pequenos, *A galiña azul* ou os contos de Toribio serían moi axeitados; para adolescentes, *Vento Ferido* é moi interesante; pero para min, o libro que máis me gusta é *O sol do verán*. Non ten que ver tanto co contido senón co feito de que foi a novela que meu pai me pediu que lese antes de publicala. Eu tiña vinte e cinco anos naquela altura e foi moi pouco antes de morrer el. Tróuxoma á casa e pedíume opinión. Iso a min producíume moito orgullo e é unha das razóns polas que teño unha querenza especial por esa obra.

Que clase de persoa era Carlos Casares?

Meu pai era un home moi tolerante, divertido e traballador. Era unha persoa preocupada polos demais, cunha conciencia de Galicia moi clara; un home galeguista, que cría que o noso país tiña que loitar pola súa lingua e pola súa cultura. Pensaba que era importante modernizarse e estar no mundo. Foi unha persoa extraordinaria en moitos aspectos.

Entrevista con Henrique Monteagudo

Aldegunde Quiñones

“Casares tivo un papel fundamental na Lei de Normalización Lingüística”



Henrique Monteagudo é Doutor en Filoloxía Galega, Secretario de Real Academia, membro do Instituto da Lingua Galega, coordinador da Sección de Lingua e Literatura do Consello da Cultura e co-director da revista *Grial*. Foi amigo de Carlos Casares e acaba de publicar na editorial Galaxia un magnífico libro de divulgación sobre a vida e obra do escritor titulado *Carlos Casares, un contador de historias*.

Casares foi un innovador da narrativa galega

Cal foi o papel de Carlos Casares na aprobación da Lei de Normalización Lingüística?

Foi fundamental no marco no primeiro Parlamento da Autonomía e dentro daquel pequeno grupo de catro galeguistas independentes elixidos nas listas do PSDG-PSOE. Eles déronlle o seu apoio ao primeiro presidente da Xunta, Xerardo Fernández Albor, que era de dereitas, de Alianza Popular. Unha das contrapartidas a ese apoio foi a Lei de Normalización Lingüística, porque lles permitiu a estes parlamentarios, nomeadamente a Ramón Piñeiro, xogaren un papel mediador entre os grupos maioritarios da cámara. Se Piñeiro foi realmente o mentor desta Lei, Casares foi quen se ocupou da súa tramitación e mesmo da súa propia redacción.

Casares modernizou a Editorial Galaxia, que fixo coa Revista *Grial*?

El herdou a revista ao se cumprir os 100 números, 25 anos dunha revista que era unha referencia da resistencia cultural en Galicia. A altura do ano 1988, cando Casares se fai cargo da dirección, algunhas persoas pasamos a formar parte do consello de redacción, que se renovou completamente, e había que procurar unha revista distinta, darlle outra proxección. Nese momento os estudos universitarios alargáranse, había máis profe-

sorado, máis público especializado e tiñamos que abrir ese camiño para unha revista de ensaio, de interese plural e para distinto tipo de lectores. Carlos Casares foi quen capitaneou esa singradura da revista.

Logo de publicar os seus primeiros libros dentro do movemento da Nova Narrativa, por que camiños seguiu a súa literatura?

El foi un innovador da narrativa galega e xa é un pouco posterior á Nova Narrativa. Soubo recoller achegas que estaban na literatura mundial naquel momento, penso por exemplo en Borges e nun libro coma *Os escuros soños de Clío* e tamén amosa unha grande madurez nos temas como o da Guerra Civil en *Os mortos daquel verán*. Nas últimas obras, por exemplo, *Deus sentado nun sillón azul*, que me parece a obra máis acabada del, esa reflexión sobre a memoria é moi daquel tempo. E *O sol do verán* é coma un presaxio de que ía ser unha obra póstuma.

Se tiveses que escoller con que obra te quedarías?

Eu como novela, que é o xénero que máis domina e moi por riba dos escritores galegos coetáneos sen dúbida *Deus sentado nun sillón azul*; como libro de relatos *Os escuros soños de Clío* é un libro marabilloso e *Un país de palabras* como libro de ensaio.

Pingas de orballo

REFUXIADA, DONA DE NADA

Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)



Acordei daquela señora que enriba dunha manta non nos miraba. Escribín entre prosas e versos aquela sensación de perda tan enorme. Perderamos a irmandade. Ela pedía, baixo a porta da muralla milenaria do meu Lugo; era unha velliña. Non falaba, miraba a vida e nada dicía. Ás veces, a súa ollada inquiría buscando. Chegaba a nós, en forma de ollos esculcantes, os que nela reparabamos. A súa cara tiña aquela expresión esvaída, ríxida e sen ollada, case coma perdida. Sen ollos para aprenderse no pasado, colgados de ningunha ansia. Nin sequera para pousar no chan daquel sitio que ocupaba no paso imprescindible, camiño de ningures. Nin sequera reclamaba para si a atención dos que abeiraban dela. Estaba ausente de nós, de todo. Refuxiada na tolemia de non saberse. Non lle importaba o mundo, nin sequera a propia vida. Expulsada de todo, unha calquera, nada tiña de seu, tan só aquela ollada sen ollos e no baleiro do confín, perdida e cega, o remorso da pena que só ela coñecía e que a deixou muda en verbas e en saloucos. Estaba sen ledicias, cega non: cegada! Fondeada nunha terrible ausencia de ser un ser humano sen documentos, ilegal. Quen sabe

cantos silencios penou! Quen sabe deses fríos que cada noite remoen nas entrañas. Nada pide e nada espera, nada de nada! Vai levada, soa, esquencida, sen rostro, muda, xorda e deixada. Baixo o frío da mañá cruel de invernías, engurrada e vella, senta-

Pasan lixeiros sen ver, perdidos sen mirar, pasan

da no chan do desterro, coa soidade e as distancias. Alí está, ausente de nós, feita un fardo de naufraxios, sen estrelas e sen lúas, cuberta de mil farrapos, emigrada deste mundo que só se mide por noites, loitos e orfandades. Busca en si a culpa, sombra negra, entre soños, acordos e lembranzas nos bufarros dunha alma escarmentada. E non atopa, non atopa explicación ao que lle pasa, ao que nos pasa.

Pedía, baixo a porta da muralla milenaria, cunha voz estremecida, profunda e seca, como un canto esvaecido, dos que doen e nos queiman, dos que tanto nos abrasan. Entre salaios de queixas que da súa boca se escapan,

na privación dun suspiro, un alento que alentara, tiña o seu rostro no chan a alí a ollada cravada. Non lle sentín dicir verbas, non sei que idioma falaba. Sen sangue nas veas do corpo, sen calor na nosa alma. Vai en fames sorprendida, derrotada en mil batallas, nun mar cheo de miserias, océano de añoranzas. Tiña arruinado aquel espazo entre as tebras asombrada por un cheiro medoñento da súa cativa estancia, naquel mínimo recanto caída sobre unha manta, caída e desconsolada. Choraba sementando bágoas, no descoido dos que pasan, unha enorme lonxitude onde amortecer a pena que luz mesmo proxectaba. Ás veces, erguendo os ollos, cando ao alto ela miraba. Tan lonxe estaba de todo..., tan lonxe de todo estaba que as sombras que fai o sol calabán moi asustadas, tiraban cara a outro lado, disimulando aquel drama.

Algúns viraban a cara, sospeitosos e fantasmas, e outros baixan a vista porque a vergoña era tanta que esculcaban ruíns recendos daquela pública estampa. Na acomodada moral, non cadra a cruel pegada. Pasan lixeiros sen ver, perdidos sen mirar, pasan. Todos seguen satisfeitos, nin sequera unha lástima. Xa non somos

solidarios, cos de fóra ou cos da casa! A nosa vida volveuse gastos, recibos da banca, desastres dunha crise –dínos afectados das trampas.

Pedía baixo a porta da muralla milenaria. Ninguén lle dá unha fala, ninguén sabe o que lle pasa, ninguén repara nela, se ten dores ou está cansa. Pedía baixo a porta da muralla milenaria, que é patrimoniouniversaldahumanidade e iso último é o que máis

lle boto en falla, porque ninguén con ela tivo algo de amor ou bondade, nin sequera algunha mágoa. Da súa dor,

ninguén con ela tivo algo de amor ou bondade, nin sequera algunha mágoa

da súa fada, da súa eterna desgraza. Sequera houbo unha man, unha soa para axudala nesta Humanidade que deixou de ser humana.

Pedía baixo a porta da muralla milenaria, a Porta que aínda lle din Toledana. Os inhumanos pasamos, illados nunha pantalla e mirando cara a outro lado. A ela e mais a min roubáronnos moito máis, leváronnos a esperanza!

O noso taboleiro 3º encontro "VIVIMOSNORURAL" Ancares 27 e 28 de maio de 2017

vi imos NORURAL

O CDR Ancares é o anfitrión este ano e ademais de ver e visitar iniciativas e experiencias vivas debateremos sobre como actuar para que o protestantismo do desenvolvemento rural sexa da propia veciñaña.

Resumo do programa

27 MAIO. (TURISTEO E CONVERSA)

16,30 . Chegada á saída 479 da A6 para unha primeira visita á nave de dous emprendedores da zona que, entre outras cousas, traballan e comercializan con mel e con castañas.

17,15. Saímos tod@s xunt@s para visitarmos un castro, unhas explotacións gandeiras e O Piornedo.

21,30. Cea e conversa devagar



28 MAIO. (XORNADA DE TRABALLO)

10,30 -10,45: Recepción e presentación do encontro e d@s participantes.

11, 00: Primeiro debate: dinamización económica.

- Explotacións gandeiras (Hugo e Isaac, mozos gandeiros da zona).
- Alternativas para o monte: (Román, xerente da coop. A Carqueixa).
- Coidado de persoas: Amelia, traballadora do programa "Vivir na Casa"

12,00: Segundo debate: dinamización social e cultural.

- Animación do lugar de Piornedo: Isolina e Lola; Unha educación de calidade para a montaña: Isabel e Lola (ANPA e CDR). Animación da zona de Doiras: Noelia e Tania, asociación os Xardois.

13,00: Descanso

13, 20: Mesa redonda: "Que pintamos @s que vivimos no rural?". Daniel, Manolo Regal, Ramiro.

14,30: Conclusións, xantar e festa.

Para anotarse e información: CDR Ancares 982364560 – Maruxa 620451654 – Ramiro 676446782

Xente d'eiquí Alex Millet Alba, música no mar de Aguiño

Xosé Lois Vilar e Marta Sopena



Alex Millet Alba naceu en Aguiño (Ribeira), lugar emblemático para Irimia. Alí celebráronse tres Romaxes, de alí acoden cada ano un nutrido grupo de romeiros e romeiras e alí desenvolveu “Paco” (o cura) unha boa parte do seu labor pastoral. A pegada foi fonda e, para que non se perda, celebra alí cada ano a asociación Francisco Lorenzo Mariño (así se chamaba Paco) unhas xornadas culturais. Alex bebeu desas e doutras fontes que deron pulo a iniciativas veciñais e que seguen a criar tecido comunitario. Mozo de 18 anos, finalizando bacharelato e soñando cunha arriscada aposta por facerse un sitio como cantautor. Coa forza que dá a mocidade, cos estudos de 3º do grao profesional de violín e coa paixón musical que leva dentro, púxose á fronte da rondalla de Aguiño.

Apelídate Millet, apelido francés...

Pois si, o meu apelido por esta zona sempre chamou a atención entre as persoas que me coñecen, os profesores do instituto... Disque nos temos que remontar ao ano 1808, que o meu antepasado era un dos soldados que Napoleón mandou para a ocupación, pero que non regresou ao seu país coa marcha de Xosé Bonaparte a Francia. Formou aquí a súa familia (en Carreira, parroquia testante con Aguiño) e

ter máis dun cento de rapaces aprendendo música foi algo moi bo para a vila

de alí vimos todos os Millet que hai pola zona.

Tampouco é frecuente con 18 anos andar a dirixir una rondalla

A rondalla fúndase no 1983 por Camilo Rumbao, mestre do colexio público, que comezou a impartir clases de música de forma extraescolar a quince rapaces e rapazas de 4º de EXB. Decontado acadaron os 120 membros. Don Camilo pretendía sacar os rapaces das rúas facendo algo divertido e ao mesmo tempo apren-

dendo a valorar a música pois non existía cultura musical pola zona.

Como é isto dunha rondalla nunha vila mariñeira?

Para min é máis unha familia ca un grupo musical. As experiencias que compartimos tanto nos ensaios coma nos concertos só as entendemos nós. Hai moita variedade en gustos, ideas, e idades (dende nenos de 8 anos ata adultos de 45), persoas con familias, traballos, fillos... pero todos unidos por unha simple partitura que inter-

pretamos entre risas todas as semanas, sempre quitando tempo de onde sexa.

Cantos sodes e que instrumentos tocades?

Somos arredor de trinta e tocamos bandurras, mandolinas, laúdes e as guitarras. Son todos instrumentos de pulso e púa menos a guitarra; nalgunha obra temos apoio dun violoncello, fruta traveseira ou piano.

Como chegas a dirixir a agrupación?

A agrupación estivo dez anos parada, ata que un día decidimos retomala chamando a antigos membros (que acudiron sen pensalo dúas veces), e ao tempo demos entrada a xente nova aos que lles impartimos clases de solfexo e instrumento. Pero faltaba director. Daquela moitos dos membros animáronme a coller a batuta e con 16 anos empecei a dirixir.

Tedes local de ensaio?

O noso local de sempre é a Aula de Música de Aguiño. Don Camilo e algúns dos pais daquela movéranse para converter as ruínas do que ía ser unha praza de abastos nun conservatorio. Armaron un escenario e prepararon as divisións das aulas. Desde aquela segue sendo o conservatorio-auditorio de Aguiño, máis coñecido como Aula de Música.

Que música facedes?

Pois todo tipo de música: grandes compositores como Mozart, Bach, Strauss, Schubert, música de zarzuelas, pasodobres, pezas de Albéniz. Agora ocorréusenos facer un repertorio con música de cine que resultou unha novidade para as agrupacións coma esta. A verdade é que foi un acerto. Acabamos ofrecendo concertos por diferentes partes de Galicia e

actualmente estamos esperando para gravar un disco con este repertorio de bandas sonoras, entre eles *Titanic*, *La vita è bella*, *Pretty Woman*, *Mamma Mía*...

Tedes algún tipo de apoio económico ou sodes completamente autónomos?

A rondalla esta ligada á asociación musical Albéniz, sen ánimo de lucro, que recibe subvencións tanto da Deputación como do Concello para cubrir os gastos de material, cordas, instrumentos, etc. Tamén percibimos ingresos das vodas e bautizos nos que participamos. Pero falta apoio e patrocinio. É algo que tratamos de solucionar dende a miña dirección.

Que significa a rondalla para as xentes de Aguiño?

Pois algo importante nunha vila mariñeira onde a única cultura musical que existía era a que se escoitaba pola radio. O feito de ter máis dun cento de rapaces aprendendo música foi algo moi bo tanto para a vila e para o concello, que acabou organizando a orquestra municipal de cámara apoiándose nos membros da rondalla e no seu creador, don Camilo. Moitas das persoas que nos anos 80 comezaron cun simple instrumento hoxe

en día dedícanse profesionalmente á música, tanto impartindo clases coma tocando o violín e outros instrumentos en grandes orquestras do mundo.

Sentimos falar da música como espazo de integración social, valoración da comunidade, mesmo de terapia. Achega algo disto a vosa rondalla aos seus integrantes?

A música, ademais do goce que supón tocar un instrumento, tamén é unha forma de esquecer por completo os problemas, de concentrarte na obra e facela soar. Coido que é un elemento boísimo para a superar os nosos problemas.

Que actuación gardas especialmente na memoria, para ben ou para mal?

A maioría das actuacións que fixemos foron moi bonitas, pero dende que eu dirixo recordo unha moi especial tanto para min como para os membros. Foi en Allariz, en novembro do 2015, cando lle fixemos unha homenaxe ao noso fundador no seu pobo natal.

Como contemplas o seu futuro ?

A verdade é que nunca penso que pasará nun futuro, son moito de vivir o presente e o que teña que vir que veña. Pero espero que as novas xeracións continúen con este labor e que



Xente d'eiquí Álex Millet Alba, música no mar de Aguiño

Xosé Lois Vilar e Marta Sopena



sigan gozando da música tanto coma nós.

Aguiño mantivo unha relación moi estreita con Irimia. Recibiches ti parte desa influencia?

Si, a verdade que dende que son pequeno recibín esta influencia xa que acudía todos os anos ás Romaxes de Crentes galegos. Dende a creación das Romaxes, Aguiño sempre estivo moi presente nelas pola influencia de don Francisco Lorenzo e don Andrés Torres Queiruga que convidaron o pobo a participar nesa festa que se celebra todos os anos, chegando a celebrar tres romaxes nestas parroquias.

Es mozo. Como observas o panorama da túa xeración?

Creo que en todas as xeracións batemos con todo tipo de persoas, pero concretamente na miña xeración existe un gran número de prexuízos e desprezos cara certos temas, e sobre todo á nosa lingua. Eu, como cantautor galego, podo ver diariamente des-

a música é un goce e algo boísimo para a superar os nosos problemas

prezos ás miñas obras solo polo feito de estar na nosa lingua.

Difícil camiño, o de cantautor...

Ademais da rondalla é outra das miñas paixóns. Estou gravando un disco de meu na actualidade coas miñas cancións, tanto en galego coma en castelán. No disco presento unha obra dedicada ao meu pobo. Vai polas súas xentes e paisaxes, con todo o meu amor e cariño. Fago alí referencia indirecta a un dos lemas que don Paco tiña moi presente "Somos Pedras Vivas". Pódeseme atopar facilmente nas redes sociais como Facebook ou Instagram.

IRIMIA

Rebélate para revelar-te

Fala galego!



EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuña, Alfonso Mascarana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripciones@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>



Boa Nova



O espírito de Deus está dentro de nos, está na nosa conciencia, insinuando a dirección correcta. E coido que, tanto crentes como non crentes, temos esa voz interior, que cada un lle chame como queira. Desde o inicio da vida do ser humano imos dando dous pasos cara adiante e un cara atrás, pero imos avanzando. E o máis importante, sempre coa axuda da xente que nos rodea, das persoas concretas que nos inflúen, sexa coas súas palabras, coas súas accións ou co seu exemplo.

Aí incluímos os nosos modelos relixiosos: Buda, Mahoma, Xesús... outros dos nosos tempos como poden ser Gandhi, Mandela, Óscar Romero... e incluso outros máis de andar por casa como a miña veciña, o meu parente, a miña amiga ou aquel coñecido, cada un que poña os nomes que lle pareza, esa xente que fai que as cousas vaian un pouco mellor, aínda que moita veces non llo recoñecemos ata que nos despedimos.

Sería mellor non ter que esperar a falar ben delas cando imos ao tanatorio e dicirlles todo o bo que nós pensamos, agora que aínda estamos a tempo.

Olga Álvarez

As nosas vidas son flores do Espírito

Movémonos na promesa do futuro. Observamos como as persoas que naceron entre nós camiñan, falan, bailan, cantan, medran cara os futuros que soñamos.

Ás veces, ao perder a fe, laiámonos do vento que sopra demasiado forte, arrebatándonos a nosa perfección. Botámoslle en cara ao sol que brille forte de máis, que nos queime. Negamos o amor, e nos costa durmir pola noite. Matamos o sono desatendendo os nosos propósitos e desexos.

Pero daquela sopra unha brisa lene, o sol abre o noso sorriso, o soño renace, florece o noso amor e nos sentimos plenas. O ceo azul e un morno raiolo de sol acariñan os nosos ombreiros envolvéndonos a seguridade, e podemos volver a crer.

Creamos, e o que creamos é o noso futuro.

Somos flores do espírito.

Marisa de Corme

(Adaptación libre de *Spirit flowers*, de Erlene Sterson, citada en *Pero ella dijo*, de E. Schüssler Fiorenza, Ed. Trotta, 1996, p. 1

A CLAVE

DOMINGO 21 DE MAIO. VI de PASCUA A PALABRA. Xn 14, 15-21

Naquel tempo, dixo Xesús aos seus discípulos: «Se me amades, gardaredes os meus mandamentos, e eu rogareille ao Pai, e daravos outro Paráclito para que decote estea convosco: o Espírito da Verdade. O mundo non o pode acoller, pois non o ve nin o coñece; mais vós coñecédelo, pois permanece onda vós e está en vós. Non vos deixarei orfos; logo volvo onda vós. Un pouquiño máis e o mundo xa non me verá; mais vós habédesme ver, que eu vivo e tamén vós habedes vivir. Naquel día coñeceredes que eu estou en meu Pai, e vós en min, e eu en vós. Quen ten os meus mandamentos e os garda, ese ámame; o que me ama será amado por meu Pai, e eu amareino e manifestareime a el.»

A PALABRA

O ECO

Falando da lingua Das letras galegas mortas e vivas

Lidia e Valentina



Vaia por diante que non nos gusta meternos en lameiras, mais, vaia por diante tamén que non temos papas na lingua para dicir o que pensamos a respecto de calquera cuestión que teña que ver directamente co galego e coa súa promoción.

Daquela, como simples cidadás preocupadas pola lingua galega, e sen papas na lingua, queremos expresar neste número que chega ás casas nunha data próxima -por diante ou por detrás- ás Letras que non nos gusta como se está a enfocar esta festividade. A homenaxe ao persoeiro (neste caso home) escollido é sempre necesaria, a reivindicación da figura que empregou o galego para a súa

obra literaria, ou non literaria, tamén. Mais as Letras Galegas teñen que ser algo máis. Teñen que ser Letras vivas que reflectan fala viva. Celebrar a un autor ao que unha parte da poboación só le traducido ao castelán, tería que facer reflexionar a alguén e arroibar a mais de un. E non é que teñamos nada en contra das traducións dos autores galegos a outros idiomas, eh?. Ben nos entendedes... Mais urxe que aumente poboación que lea letras galegas, que empregue letras galegas para comunicarse, que escoite letras galegas, que aprenda letras galegas!

O uso do galego é o que hai que reivindicar tamén no 17 de maio, para

que se empregue o resto do ano. Mais non hai compromiso real do goberno e das súas institucións, porque as Letras Galegas están asociadas, para moitos dos nosos dirixentes, a un día de actos institucionais nos que se quita unha foto. E aínda que se lles diga isto directamente, non se lles pon a cara coma a “grana”. Se cadra non entenden este termo, que tampouco recolle o Dicionario da RAG... Mais poden buscala noutros dicionarios ben coñecidos, nos que aparecen tamén “sardas” e “sinais” das que falabamos no número pasado. E de paso, volvemos insistir na necesidade de ampliación do Dicionario da RAG, para que sexa unha referencia. Ou non debería selo? A nós parécenolo. Tamén nos parece que o maior peso do traballo a prol da normalización das nosas Letras e, polo tanto, da nosa lingua, debería estar nas mans dos poderes públicos e das súas institucións... mais semella que -polo momento- tócanos seguir sachando, cadaquén como vaia podendo.

O Fachineiro dos celtas

O país da brêtema e a casa da xente

Hai unhas semanas cumpríronse cen anos do pasamento do poeta Eduardo Pondal (1835-1917), un dos deuses maiores do noso Rexurdimento literario. A el debémolle o himno, a loita pola lingua e unha suxestiva atención ao pasado celta de Galicia. El mesmo, que gustaba de chamarse bardo, asistía na Coruña un faladoiro alcumado polos seus detractores como “Cova Céltica”. Agora que o Celta de Vigo pasea o seu equipo por semifinais europeas, hai que lembrar que ata non hai moitos anos, practicábase no noso ensino unha negación sistemática da presenza céltica en Galicia -e de tantas outras cousas- non fose que virase nun grande fei-



to diferencial. Suso de Toro lembra como lle dicían na Facultade de Historia que aquí non houbo máis celta que o de Vigo. Pasado o tempo, sente a chamada do mito e por iso publicou esa xeitosa andaina por lendas celtas que é *O país da brêtema*. Nesa brêtema pode ficar a casa de quen fumaba celtas cortos con fruición: o poeta Xosé María Díaz Castro. Para evitalo, a Asociación Xermolos chámamos á colaboración de todos e todas para facermos posible que esas paredes que ameazan con esborrallarse se convertan na casa da xente. Só hai que entrar en xermolos.org e informarse.

A.Q.